



## CONVOCATORIA DE MOBILIDADE INTERNACIONAL PARA ESTUDANTES E PERSOAL CON DESTINO EN ARGELIA, CAMBOIA, XEORXIA, REPÚBLICA DE MOLDAVIA E TÚNEZ (ERASMUS+ ACCIÓN KA-107) CURSO 2017/18 e 2018/19

No marco do programa Erasmus+ (Acción KA-107) a Universidade da Coruña foi beneficiaria dunha subvención finalista do devandito programa coa finalidade de financiar estadias de mobilidade de estudantes e de persoal a Argelia, Camboia,, Xeorxia, República de Moldavia, e Túnez durante o 2º semestre do curso 2017/18 e o curso 2018/19. Para a selección dos estudantes e persoal que se beneficiarán destas axudas, a UDC publica a presente convocatoria cuxos condicionantes se basean no Regulamento sobre mobilidade internacional de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 21 de decembro de 2012 e modificado con data 27/02/14) e dispoñible en: [http://www.udc.gal/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/](http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/), e mais nos condicionantes do proxecto Erasmus+ 2017-1-ES01-KA107-037388.

### 1. OBXECTIVOS E PERSOAS DESTINARIAS

O obxectivo desta convocatoria é a selección de persoal e estudantes da UDC para participar en mobilidades durante o 2º semestre do **curso 2017/2018 e/ou no curso 2018/19** en prazas que se ofrecen no marco do programa Erasmus+, Acción KA-107 con destino en:

- Mohamed Lamine Debaghine Setif 2 University (Argelia)
- Paññāsāstra University of Cambodia (Camboia)
- The Royal University of Fine Arts (Camboia)
- International University (Camboia)
- Tbilisi Ivane Javakhishvili State University - TSU (Xeorxia)
- Technical University of Moldova – UTM (Rep. Moldavia)
- Alecu Russo State University of Balti – ARSUB (República de Moldavia)
- Université de Sousse (Tunez)
- Université de Sfax (Tunez)

### 2. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria finánciase coas achegas da Comisión Europea segundo o Convenio de Subvención 2017-1-ES01-KA107-037388 por **importe total de 54184€**, con cargo ás aplicacións orzamentarias:

- 0800071719.422D.48003 (Movibilidade no Programa Erasmus+ acción KA-107- Estudiantes SMS saíntes), polo importe de **29344 €**
- 0800071719.422D.48100 (Movibilidade no Programa Erasmus+ acción KA-107- mobilidade docente STA saínte), polo importe de **10468 €**
- 0800071719.422D.48200 (Movibilidade no Programa Erasmus+ acción KA-107- mobilidade de formación STT saínte), polo importe de **14372€**

Sen prexuízo de que estes importes puideren ser incrementados segundo dispoñibilidade orzamentaria ou mesmo sendo posible nutrirse de incorporacións e no caso de que non haxa candidatos nun dos sectores, as bolsas poderán concederse a solicitantes doutro sector logo do correspondente acordo do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

### 3. OFERTA DE PRAZAS

No marco da presente convocatoria poderán solicitar mobilidade os membros de comunidade universitaria pertencentes aos centros da UDC que se relacionan a continuación e para algún dos destinos indicados na seguinte táboa:

#### A) ESTUDANTES

País	Institución de destino	Nivel de estudos	Número de prazas	Duración total (meses)	Centros
Argelia	Mohamed Lamine Debaghine Setif 2 University	Grao /Mestrado/ doutoramento	2	5 meses/est ud.	Economía y Empresa, CC. Educación, Filología, Sociología
Xeorxia	Tbilisi Ivane Javakhishvili State University	Grao /Mestrado/ doutoramento	2	5 meses/est ud.	F. Ciencias, Derecho, Economía y Filología
Moldavia	Universitatea de Stat 'Alecu Russo' din Balti	Grao /Mestrado/ doutoramento	2	5 meses/est ud.	Ingeniería Civil, mecánica e industrial Ciencias
	Universitatea Tehnica a Moldovei	Grao /Mestrado/ doutoramento	2	5 meses/est ud.	Arquitectura, Ingeniería Civil, mecánica e industrial Ciencias
Tunez	Université de Sousse	Grao / Mestrado / doutoramento	1	5 meses/est ud.	Filología, Ingeniería informática, mecánica e industrial
	Université de Sfax	Grao / Mestrado / doutoramento	1	5 meses/est ud.	Filología, Ingeniería informática, mecánica e industrial

**B) PERSOAL MOBILIDADE DOCENTE (STA)**

País	Institución de destino	Número de prazas	Duración total (días)	Centros
<b>Argelia</b>	Mohamed Lamine Debaghine Setif 2 University	3	5 días / PDI	F. Derecho, Economía y Empresa, CC. Educación, Filología, Sociología
<b>Xeorxia</b>	Tbilisi Ivane Javakhishvili State University	2	5 días / PDI	F. Ciencias, Derecho, Economía y Filología
<b>Moldavia</b>	Universitatea de Stat 'Alecu Russo' din Balti	1	5 días / PDI	Arquitectura, Ingeniería Civil, mecánica e industrial
	Universitatea Tehnica a Moldovei	1	5 días / PDI	Arquitectura, Ingeniería Civil, mecánica e industrial
<b>Tunez</b>	Université de Sousse	2	5 días / PDI	Filología, Ingeniería informática, mecánica e industrial
	Université de Sfax	2	5 días / PDI	Filología, Ingeniería informática, mecánica e industrial

**C) PERSOAL MOBILIDADE DE FORMACIÓN (STT)**

País	Institución de destino	Número de prazas	Duración total (días)	Centros
<b>Argelia</b>	Mohamed Lamine Debaghine Setif 2 University	1	5 días / persoa	TODOS
<b>Camboia</b>	Paññāsāstra University of Cambodia	1	10 días / persoa	Arquitectura técnica
	The Royal University of Fine Arts *	1	10 días / persoa	Arquitectura técnica
	International University	2	10 días / persoa	Fisioterapia
<b>Xeorxia</b>	Tbilisi Ivane Javakhishvili State University	1	5 días / persoa	TODOS
<b>Moldavia</b>	Universitatea de Stat 'Alecu Russo' din Balti	1	5 días / persoa	TODOS
	Universitatea Tehnica a Moldovei	1	5 días / persoa	TODOS
<b>Tunez</b>	Université de Sousse	1	5 días / persoa	TODOS
	Université de Sfax	1	5 días / persoa	TODOS

\*Pendente sinatura do convenio interinstitucional de mobilidade. Cando estea asinado, incorporarase no portal da oferta de prazas.

Máis información sobre esta oferta de prazas en <https://udc.moveon4.com/publisher/3/spa>

#### 4. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE MOBILIDADE

**Os estudantes** que desexen participar no programa de mobilidade K-107 ao abeiro da presente convocatoria deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:

1. Ter DNI español. Os estudantes con nacionalidades estranxeiras deberán ter o NIE en vigor desde o momento da solicitude da mobilidade ata o remate da mobilidade.
2. Non ter aceptada unha praza de mobilidade no marco doutra Convocatoria de mobilidade de estudantes para o curso 2017/2018 ou 2018/19 para realizar estadias con fins de estudos.
3. Estar matriculado/a no curso 2017/18 ou 2018/19, segundo corresponda, nun centro propio ou adscrito da UDC co fin de realizar estudos conducentes a un título oficial de grao, mestrado ou doutoramento no momento de presentación da solicitude.
4. O/a estudante que pretenda facer a mobilidade durante o grao debe estar matriculado/a nun curso superior a primeiro no momento de iniciar a estadia.
5. O/a estudante pode realizar un total de dúas mobilidades con fin de estudos na mesma titulación de grao, posgrao ou doutoramento sempre que ningunha delas supere os seis meses de duración. No caso de que algunha superase este límite, o/a estudante so poderá realizar unha. O/a estudante dunha titulación non adaptada ao EEES que acceda á súa equivalente no EEES para rematar os seus estudos considerárase que continúa facendo a mesma titulación.
6. A estadia debe ter unha duración mínima de 3 meses e máxima de 12 meses e cumprir os requisitos propios establecidos por cada centro. Ademais, **toda estadia debe ter a posibilidade dun recoñecemento académico suficiente. O/a estudante comprobará a existencia desta posibilidade de recoñecemento académico suficiente dirixíndose á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro.**
7. O/a estudante deberá cumprir os requisitos de idiomas que se regulan no artigo seguinte da presente convocatoria.
8. O programa Erasmus+ só permite a cada persoa participar na mobilidade durante doce meses en cada ciclo. Deste xeito, o/a estudante que xa realizara unha mobilidade de prácticas Erasmus ou Erasmus estudos Acción KA103 no mesmo ciclo que está a cursar ao presentar a súa solicitude, non poderá acceder a unha mobilidade KA107 que, sumada ao período previo de prácticas/estudos, exceda dos anteditos doce meses. É indiferente para os efectos da aplicación desta regra se o/a estudante realiza a mobilidade con ou sen bolsa.
9. Os estudantes deberán cumprir con todas as demais obrigas que impoña ou poida impoñer no futuro o programa Erasmus+. As regras deste programa pódense consultar na páxina web da axencia española encargada de xestionar o programa: o SEPIE ([www.sepie.es](http://www.sepie.es)).

O **persoal da UDC** que desexe participar no programa de mobilidade K-107 ao abeiro da presente convocatoria deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Formar parte da nómina da Universidade da Coruña nalgunha das categorías de persoal con dedicación docente ou das categorías de PAS da UDC, percibindo as súas retribucións con cargo ao Capítulo I dos orzamentos da UDC. Esta condición deberá posuírse tanto no momento da solicitude da bolsa, como no momento en que teña lugar a execución do

programa de ensino/formación na institución de acollida. Será responsabilidade do/a candidato/a informar de calquera modificación sobre a súa relación laboral coa UDC antes do inicio da mobilidade.

2. O PAS da UDC deberá contar coa correspondente autorización da ausencia no Portal de persoal antes do inicio da mobilidade.
3. A duración mínima da actividade é de cinco (5) días de docencia/formación. A duración máxima é de 2 meses, aínda que só se financiará o máximo dos días de docencia/formación por persoa especificado na oferta de prazas no punto 3.

Todas as mobilidades de estudantes ou persoal do curso 2017/18 terán que rematar antes do 30/09/2018. As mobilidades do curso 2018/19 terán que rematar antes do 30/06/2019.

## 5. REQUISITOS DE IDIOMAS

### A) NIVEIS ESIXIDOS POLA UDC E MOMENTO EN QUE SE DEBEN ACREDITAR:

Os **estudantes** deberán acreditar os niveis de coñecemento de idiomas que se especifican a continuación de calquera das formas seguintes:

- a) Mediante algunha das certificacións ou diplomas especificados no documento publicado na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) en [http://www.udc.gal/export/sites/udc/ori/galeria\\_down/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_internacional/1718/requisitos\\_linguxisticos\\_17\\_18.pdf](http://www.udc.gal/export/sites/udc/ori/galeria_down/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_internacional/1718/requisitos_linguxisticos_17_18.pdf)
- b) Mediante unha certificación de ter superada algunha das probas de nivel realizadas polo Centro de Linguas da UDC nos dous anos académicos anteriores (2016/17 e 2017/18).

O nivel que deberá acreditarse, no momento da solicitude será o seguinte (todos os niveis de coñecemento indicados refírense ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas-MCERL):

- **B1 (completo):** cando a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que vai realizar na universidade de destino sexa o **inglés ou francés, segundo corresponda por destino.**

En caso de que o/a estudante elixa na súa listaxe de preferencias universidades con linguas de instrución diversas, deberá acreditar o nivel sinalado para todas e cada unha desas linguas de instrución. Doutro xeito, os destinos cuxa lingua non acredite o estudante quedarán excluídos.

### B) CASOS ESPECIAIS:

1. Os estudantes estranxeiros residentes en España e con NIE vixente, falantes nativos de inglés ou francés, necesitarán acreditar a nacionalidade estranxeira e os estudos previos realizados na lingua do seu país de orixe.

## 6. MODO DE PRESENTACIÓN, LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDES

1. Os estudantes e o persoal da UDC interesados cubrirán **unha única solicitude en liña** a través do portal para mobilidades KA107 saíntes, dispoñible nas ligazóns seguintes:

Para estudantes: [http://www.udc.es/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_Erasmus/Erasmus\\_KA107](http://www.udc.es/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/Erasmus_KA107)

Para persoal: <http://www.udc.gal/ori/infPAS/Erasmus-KA107/> ou [http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade\\_erasmus/Erasmus-KA107/](http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/Erasmus-KA107/)

Os candidatos non necesitarán achegar copia impresa da solicitude electrónica, unha vez enviada en liña, **pero os candidatos non deben premer o botón de “Envío en liña” final ata estaren seguros de que a solicitude estea ben cuberta e completa.** As solicitudes incompletas serán automaticamente rexeitadas.

#### A) COMO CUBRIR A SOLICITUDE:

1. Os candidatos acedarán ao Portal coas súas credenciais de usuario da UDC.
2. Antes de comezar a cubrir a solicitude, o candidato debe ler detidamente as instrucións que se detallan no portal e na solicitude en liña. As solicitudes que non sexan cubertas polo candidato seguindo estas instrucións poderán ser excluídas do proceso de selección.
3. Ao cubrir a **solicitude única**, o candidato realizará a selección da institución de destino en que desexa facer a súa estadía dentro das ofertadas para o seu centro e dentro do seu nivel de estudos ou actividade laboral.
4. O candidato é a única persoa responsable de comprobar que a universidade seleccionada pertence á oferta do seu centro. Todas as institucións seleccionadas polo candidato que non pertencen á oferta do seu centro serán automaticamente excluídas da súa listaxe no momento da adxudicación das prazas.

**DOCUMENTACIÓN QUE O ESTUDANTE DEBE ACHEGAR NA APLICACIÓN EN LIÑA AO CUBRIR A SÚA SOLICITUDE, SUBINDO Á APLICACIÓN OS DOCUMENTOS SEGUINTE EN VERSIÓN ELECTRÓNICA NO LUGAR CORRESPONDENTE:**

1. A documentación acreditativa de coñecementos dos idiomas de instrución na/s institución/s de destino seleccionadas na solicitude. **Non se admitirán en ningún caso certificados de idiomas que se entreguen fóra do prazo de presentación das solicitudes.**
2. A copia da matrícula universitaria 2017/18 para mobilidades no 2º semestre 17/18 ou matrícula 2018/19 para mobilidades no curso 18/19.
3. O acordo de aprendizaxe Erasmus+ (*learning agreement*) debidamente cuberto na parte “Antes da mobilidade” (*before mobility*) coas materias/programa académico/créditos que se van realizar en destino e as materias/créditos obxecto de recoñecemento académico na UDC, e asinado polo estudante. O modelo de acordo de aprendizaxe Erasmus+ está dispoñible en [http://www.udc.gal/ori/galeria\\_down/KA107/LA-STUDIES - KA107-EN.docx](http://www.udc.gal/ori/galeria_down/KA107/LA-STUDIES - KA107-EN.docx)

Os candidatos matriculados en programas de doutoramento deberán achegar adicionalmente:

4. A memoria xustificativa do proxecto investigador que se realizará durante o período da estadía internacional asinada polo/a director/a de tese (máx. 3500 caracteres)

**DOCUMENTACIÓN QUE O PERSOAL DEBE ANEXAR Á SOLICITUDE EN LIÑA, SUBINDO Á APLICACIÓN OS DOCUMENTOS SEGUINTE EN VERSIÓN ELECTRÓNICA NO LUGAR CORRESPONDENTE:**

1. Todos os candidatos subirán ao portal un acordo de mobilidade de persoal, asinado polo centro de destino e polo solicitante, e debidamente cuberto conforme aos modelos do **acordo de mobilidade de persoal STA** (STAFF MOBILITY FOR TEACHING MOBILITY AGREEMENT) **ou acordo de mobilidade de persoal STT** (STAFF MOBILITY FOR TRAINING MOBILITY AGREEMENT) dispoñibles nas convocatorias de mobilidade internacional do persoal docente (STA), ou de mobilidade internacional do persoal con fins de formación (STT), nas seguintes ligazóns:

[http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade\\_erasmus/](http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/)

<http://www.udc.gal/ori/infPAS/mobilidadeerasmus/>

ou en:

<http://www.udc.gal/ori/infPAS/Erasmus-KA107/>

[http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade\\_erasmus/Erasmus-KA107/](http://www.udc.gal/ori/infprofesores/mobilidade_erasmus/Erasmus-KA107/)

2. No caso do profesorado que imparta docencia en inglés, deberá subir tamén ao portal unha certificación do seu director/a de departamento en que se indique que o profesor ten asignado no POD docencia en inglés dentro dun dos programas aos que se refire o art. 1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC, do 30 de abril de 2015 e modificada o 14 de abril de 2016.

## B) PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE E DA SÚA COPIA:

1. Os **estudantes de grao ou mestrado** interesados nas prazas ofertadas na presente convocatoria poderán solicitálas no prazo que media entre a súa data de publicación e
  - a. **O 10 de decembro de 2017 para estadias no segundo semestre do curso 2017/18.**
  - b. **O 15 de abril de 2018 para estadias no primeiro semestre do curso 2018/19**
  - c. **O 1 de novembro de 2018 para estadias no segundo semestre do curso 2018/19**
2. **O persoal e os estudantes de doutoramento da UDC** interesados nas prazas ofertadas na presente convocatoria, poderán solicitálas no prazo que media entre a súa data de publicación e o **15 de febreiro de 2019, e sempre cunha antelación de 30 días hábiles á data prevista de inicio da mobilidade proposta no acordo de mobilidade.**

## 7. SELECCIÓN DE SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As prazas de mobilidade serán adxudicadas na ORI para persoal e estudantes, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos desta convocatoria e verificados os acordos de mobilidade polos membros da comisión de selección.

A comisión de selección estará formada por:

- A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
- A directora da Oficina de Relacións Internacionais
- A responsable técnico da mobilidade internacional da ORI
- Un membro do PAS da ORI
- O/A responsable académico de relacións internacionais do centro de orixe do estudante: este membro da comisión só formará parte da comisión de resolución para a mobilidade de estudantes e verificará e asinará en caso de aprobación, os acordos de aprendizaxe presentados polos estudantes.

As prazas de **estudantes de grao ou mestrado** adxudicaranse logo de verificar pola ORI co coordinador do centro de orixe a conformidade do acordo de estudos proposto polo estudante, e



de recibilo asinado en caso de aprobación. A ORI publicará a resolución de **adxudicación no prazo máximo de 20 días naturais** tras o fin do prazo limite de candidaturas.

As prazas de **persoal e estudantes de doutoramento** adxudicaránse mediante resolucións da ORI no **prazo máximo de 30 días naturais** desde a data de presentación da solicitude.

A adxudicación definitiva de prazas estará condicionada pola aceptación do centro de destino.

## 8. REPARTO DAS AXUDAS FINANCEIRAS

As axudas de **estudantes de grao ou mestrado** adxudicaránse mediante resolución da ORI no prazo máximo de 10 días naturais tras a resolución de adxudicación de prazas.

As axudas de **persoal e estudantes de doutoramento** adxudicaránse mediante resolucións da ORI no prazo máximo de 30 días naturais desde a data de presentación da solicitude.

## 9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1. Unha vez publicadas as correspondentes resolucións de adxudicacións de prazas, a ORI notificará ás persoas seleccionadas (estudantes ou persoal) que deberán formalizar, por escrito á propia ORI, a súa aceptación ou renuncia do destino adxudicado.
2. Ademais, xunto coa aceptación da mobilidade adxudicada, os **estudantes** seleccionados solicitantes de axudas financeiras Erasmus+, deberán entregar na ORI os seguintes documentos:
  - Copia DNI/NIE (os estudantes con nacionalidades estranxeiras deberán ter o NIE en vigor desde o momento da solicitude da mobilidade ata o remate da mobilidade).
  - Certificación orixinal do IBAN da conta bancaria aberta en España da que o candidato é titular ou co-titular.
  - Modelo de alta bancaria debidamente asinado, segundo modelo dispoñible no enderezo: [http://www.udc.gal/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/Formulariosespanoles/](http://www.udc.gal/ori/inf_estudiantes_UDC/Formulariosespanoles/)
3. As persoas que non presentaren a súa aceptación ou renuncia en prazo decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes, que serán informadas pola ORI.

Unha vez recibida a aceptación do candidato, a ORI procederá a comunicar a designación oficial deste/a á universidade de destino.

## 10. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

O/a **estudiante** comprométese a:

1. Antes da partida:
  - a. Elixir as institucións de destino tendo en conta fundamentalmente as condicións académicas destas. En particular, **é obriga de todo estudante consultar que no destino exista un plan de estudos adaptado ao seu perfil académico, así como a viabilidade de estudar na lingua en que se imparten as materias.**



- b. Revisar o bo funcionamento do correo institucional @udc.es e comprobar frecuentemente a existencia de notificacións relativas á súa mobilidade.
- c. Rexistrarse como estudante de intercambio na institución de destino, completando e enviando á dita universidade os formularios de candidatura (*application form*) xunto co contrato de estudos (*learning agreement*) e o resto da documentación requirida por esta dentro dos prazos establecidos. O cumprimento desta obriga é unha responsabilidade exclusiva da persoa candidata.
- d. Contactar coa persoa coordinadora do seu centro para recibir información sobre a universidade de destino e elaborar o contrato de estudos.
- e. Presentar en tempo e forma os documentos requiridos pola ORI.
- f. Asinar o convenio financeiro (indicando se o estudante ten ou non axuda financeira) o día que sexa convocado para tal efecto pola ORI. De non acudir a formalizar o convenio, o/a estudante decaerá nos seus dereitos como estudante de intercambio.
- g. Contratar un seguro médico, de accidentes, responsabilidade civil e repatriación. Igualmente, o/a estudante debe valorar a conveniencia de contratar outros seguros que cubran eventuais riscos que podan xurdir durante a mobilidade. Entregar copias na ORI.
- h. En caso de renuncia á axuda durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberá comunicarllo ao/á responsable de relacións internacionais do seu centro e mais á Oficina de Relacións Internacionais por escrito.
- i. Remitir á ORI a confirmación da súa aceptación no destino.

## 2. Durante a estadía no centro de destino

- a. No prazo máximo de 10 días desde a incorporación no destino, remitirle por correo electrónico á Oficina de Relacións Internacionais a certificación de chegada debidamente asinada e selada.
- b. Remitir ao/á responsable de relacións internacionais, á Administración do seu centro e máis á ORI, dentro dese mesmo prazo de 10 días, o contrato de estudos (*learning agreement-before mobility*) asinado pola universidade de destino.
- c. Remitir ao/á responsable de relacións internacionais as solicitudes de modificacións de contrato de estudos no primeiro mes de estadía en destino. **Comunicar por email á ORI as solicitudes de ampliacións de estadía dentro dese mesmo prazo.**
- d. A Administración do centro comunicará á ORI as ampliacións de estadía que foran aprobadas, no prazo máximo dunha semana tras a aprobación polo coordinador académico do centro e en todo caso, no prazo máximo dun mes antes da data inicial de fin de estadía prevista. A ORI enviará ao estudante a correspondente emenda ao convenio financeiro.
- e. Permanecer no destino ata o final do período previsto e realizar os estudos. En caso de renuncia á axuda durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberá comunicarllo ao coordinador académico do seu centro e mais á Oficina de Relacións Internacionais por escrito. As renuncias que se produciren fóra do prazo

establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e obrigarán á devolución do importe da axuda que se recibise.

- f. Manter o contacto directo periódico co/a coordinador/a académico da UDC a través do enderezo electrónico do dominio da UDC.
- g. Someterse ás mesmas normas que o estudiantado da universidade de destino canto aos requisitos de conduta e resultados nas aulas.
- h. Superar un número de créditos igual ou superior ao **vinte por cento** do total de créditos que cursa no centro de destino.

3. Finalizado o período de mobilidade na universidade de destino:

- a. Achegarlle, de modo inmediato, tras finalizar a estadía á Oficina de Relacións Internacionais o documento orixinal, debidamente selado e asinado, do “Certificado de fin de estadía”, así como cubrir o informe final de experiencia: “*EU survey*” a través do “*mobility tool*” para os Erasmus+. A falta de entrega deste documento, ou o feito de non realizar o informe final supoñerá o obriga do/a estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.
- b. Achegarlle á ORI, de modo inmediato tras finalizar a estadía un **exemplar completo** do contrato de estudos, con todos os cambios e modificacións realizadas, asinado por todas as partes: el mesmo, o/a responsable de RRII do seu centro e o/a responsable da institución de destino. A falta de entrega deste documento suporá o obriga do estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.
- c. Solicitar do órgano competente na citada institución a expedición dunha certificación académica **orixinal** acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada. A non superación do vinte por cento dos créditos cursados no destino, suporá o obriga do estudante de devolver a totalidade da axuda percibida. A falta de entrega do documento suporá a obriga do/a estudante de devolver a totalidade da axuda percibida e a denegación ou revogación do correspondente recoñecemento académico.

O incumprimento por parte do/a estudante de calquera dos deberes que lle impoñen o artigo 6 do Regulamento de mobilidade ou a presente convocatoria terá as consecuencias sancionadoras previstas no punto 2.º do antedito artigo 6.º do Regulamento de mobilidade e, en todo caso:

- a. As renuncias que se produciren fóra do prazo establecido e sen xustificación serán consideradas motivo de exclusión en posteriores convocatorias e obrigarán á devolución do importe da axuda recibida.
- b. No caso de non acreditar a superación dun número de créditos igual ou superior ao vinte por cento do total dos que cursa no centro de destino, o estudante terá que devolver o importe da axuda recibida.

O **persoal** da UDC comprométese a:

1. Nun período máximo de 10 días naturais tras a realización da estadía a persoa beneficiaria da mobilidade Erasmus+ con fins docentes presentará na Oficina de Relacións Internacionais a seguinte documentación:
  - a. **Xustificación orixinal do desprazamento** (preferentemente presentaranse: tarxetas de embarque, billete de tren, recibos de autoestrada etc.).
  - b. **Orixinal da certificación de fin de estadía asinada e selada por destino, indicando datas reais da mobilidade, datas reais da docencia/formación, e no caso STA, horas de docencia.**
  - c. No caso de que o candidato non iniciase a súa viaxe desde A Coruña, deberá entregar tamén o billete de avión ou do medio de transporte que empregue para chegar a destino.
2. A continuación, deberá formalizar un informe final (“cuestionario UE”) sobre as actividades realizadas segundo o modelo que se lle facilitará a través da aplicación da “mobility tool”. Para os efectos de realizar este informe, o profesor recibirá un correo electrónico da plataforma do “mobility tool” coa indicación do procedemento e o prazo para facelo.
3. A falta de entrega da documentación final, ou o feito de non realizar o informe final supoñerá o obriga do/a candidato/a de devolver a totalidade da axuda percibida.
4. O incumprimento do período docente previsto supoñerá a obriga do/a candidato/a de devolver a totalidade ou parte da axuda percibida, segundo proceda. Dentro do marco do programa Erasmus+, segundo comunicou expresamente o Ministerio á UDC, as circunstancias de forza maior (enfermidade, baixa, falecemento dun familiar, alteracións da orde no país de destino etc.) non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada en caso de que non se realice a mobilidade. Nestes supostos, dentro dos prazos xerais e demais normas incluídas na presente convocatoria, poderase pospoñer a mobilidade, sempre de acordo coa institución de destino e sempre que se lle notifique o cambio á ORI antes da data inicial prevista da mobilidade concedida.
5. No caso de non cumprir total ou parcialmente coa mobilidade e as obrigas previstas deberase reintegrar o importe recibido total ou parcialmente, segundo corresponda.

## 11. CONTÍAS, CONDICIÓNS ECONÓMICAS E PAGAMENTO DAS AXUDAS

### A) REGRAS XERAIS

As persoas adxudicatarias dunha mobilidade serán convocadas pola ORI para **asinaren un convenio financeiro antes da súa incorporación á universidade de destino**. Este convenio deberá asinarse con independencia de que o candidato teña ou non dereito á axuda. De non acudir a formalizar o convenio, o candidato decaerá nos seus dereitos.

## B) CONDICIÓN ECONÓMICAS

As condicións económicas en que se ofertan as prazas polos programas aos que se refire a presente convocatoria son as seguintes:

- Mobilidade de estudantes:
  - Argelia e Tunes: terán dereito a unha axuda para aloxamento e manutención de 650 euros/mes, ata un máximo de 5 meses financiados e a unha axuda de viaxe de 275 euros
  - Xeorxia : terán dereito a unha axuda para aloxamento e manutención de 650 euros/mes, ata un máximo de 5 meses financiados e a unha axuda de viaxe de 820 euros
  - Moldavia: terán dereito a unha axuda para aloxamento e manutención de 650 euros/mes, ata un máximo de 5 meses financiados e a unha axuda de viaxe de 360 euros
- Mobilidade persoal:
  - Argelia e Tunes: terán dereito a unha axuda para aloxamento e manutención de 160 euros por día de docencia/formación, ata un máximo de 5 días financiados e a unha axuda de viaxe de 275 euros
  - Camboia : terán dereito a unha axuda para aloxamento e manutención de 160 euros por día de docencia/formación, ata un máximo de 10 días financiados e a unha axuda de viaxe de 1100 euros
  - Xeorxia: terán dereito a unha axuda de 160 euros por día de docencia/formación, ata un máximo de 5 días financiados; e a unha axuda de viaxe de 820 euros.
  - Moldavia: terán dereito a unha axuda de 160 euros por día de docencia/formación, ata un máximo de 5 días financiados; e a unha axuda de viaxe de 360 euros.

A axuda consiste nunha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención e, polo tanto, non está suxeita a retencións do IRPF.

## C) PAGAMENTO DAS AXUDAS:

Para os **estudantes**, o pagamento farase por transferencia bancaria en dous prazos:

- Iniciarase a tramitación do pagamento do 80% da axuda cando se reciba na ORI o certificado de chegada á universidade de destino debidamente asinado e selado.
- Iniciarase a tramitación do pagamento do 20% restante ao finalizar a estadía, no momento en que se cumpran as dúas seguintes condicións:
  - Que o estudante presente na ORI conxuntamente e en papel os seguintes documentos:
    - O certificado de fin de estadía orixinal, debidamente asinado e co selo da institución de destino.

- Un exemplar completo do contrato de estudos (con todos os cambios e modificacións realizadas), asinado por todas as partes: el mesmo, o/a responsable de RRII do seu centro e o/a responsable da institución de destino.
- Que o/a estudante cubra o informe final de experiencia (“cuestionario UE”) relativo á súa mobilidade.
  - No caso dos estudantes cuxa mobilidade se desenvolva no marco do programa Erasmus+, este informe deberá cubrirse na plataforma *Mobility Tool* da UE, logo de recibir no correo @udc.es a correspondente mensaxe co aviso do xestores do programa.
- A data límite para que se cumpran as dúas condicións sinaladas para iniciar a tramitación do pagamento do último 20% da axuda é de 1 mes tras a data inicial prevista de fin da estadía concedida, data que se especificará no convenio financeiro a asinar antes da mobilidade.

Aqueles estudantes que non teñan entregados os documentos e cuberto o informe de experiencia nesa data non recibirán o pagamento desta cantidade e, ademais, iniciarase o procedemento para esixirlles a devolución do importe íntegro da axuda percibida para a realización da mobilidade.

Para o **persoal** da UDC, o pagamento das axudas farase por transferencia bancaria.

- 80% do importe da axuda de custo comezase a tramitar no momento de sinatura do convenio financeiro.
- O pagamento do 20% restante comezase a tramitar unha vez xustificada a estadía real no centro de destino, de conformidade as obrigas especificadas no punto 10.

## 12. SEGUROS

1. Todas as persoas candidatas (estudantes e persoal) deberán dispoñer dunha cobertura de seguro médico adecuada para realizar a súa mobilidade.
2. As persoas **candidatas** serán as responsables de contratar os seguros necesarios (incluíndo seguro médico, de accidentes, responsabilidade civil e repatriación como mínimo) para cubrir os riscos derivados da súa estadía.

Para máis información, contáctese coa Oficina de Relacións Internacionais

Casa do Lagar  
Campus de Elviña  
Tel: 981 167 000 (ext. 1956)  
Correo electrónico: [iro@udc.es](mailto:iro@udc.es)

A Coruña, 30 de novembro de 2017

A Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Pilar García de la Torre